



ACTA DA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO DO DÍA 21.03.18.

Nas dependencias da Federación Galega de Baloncesto en Santiago reúnese a Asemblea Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto o día 21.03.18 baixo a Presidencia de D. Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que o é da mesma D^a Susana Fernández Fiuza, coa asistencia dos membros relacionados ao final da presente, dando comezo a mesma coa Orde do Día que se indica a continuación e en segunda convocatoria:

1º.- Reconto dos membros presentes.

2º.-Convocatoria de Eleccións a Asembleístas, Presidente e Comisión Delegada da FGB.

3º.- Aprobación do Regulamento e Calendario Electoral estimado. Autorización da Xunta directiva ou comisión Xestora para as posibles modificacións que propoña a Secretaría Xeral para o Deporte do Regulamento e Calendario.

4º Elección Xunta Electoral.

Abre a sesión o Presidente en segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 17.30 hrs. Pásase a Orde do día

1º.- Reconto dos membros presentes: toma a palabra a Secretaria comunicando que están presentes once asembleístas.

2º.- Convocatoria de Eleccións a Asembleístas, Presidente e Comisión Delegada da F.G.B.- Acórdase por unanimidade e tal e como indica a Lei Galega do Deporte de Galicia, o Decreto 16/2018 e os Estatutos desta Federación convoca as eleccións a Presidente e Comisión Delegada desta Federación.

3º.- Aprobación do Regulamento e Calendario Electoral. Infórmase por parte da Secretaria do envío a tódolos asembleístas do Regulamento e Calendario Electoral. Dáse traslado das modificacións remitidas pola Secretaría Xeral para o Deporte sobre o mesmo. Apróbanse por unanimidade.

A Secretaria solicita que se faculte á Xunta Directiva ou, no seu momento, a Comisión Xestora, para que se por parte do organismo competente da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia o solicitan que se proceda á modificación do Regulamento Electoral, o poida facer sen ter que convocar á Asemblea. O que se aproba por unanimidade.

Tamén se informa que a Comisión Xestora estará formada por 6 persoas: 3 elixidas pola Comisión Delegada, José M. Villamarín Couto, José Pérez Pérez e José Castelao



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPORTE
GALEGO

Figueiras; 3 elixidas polo Presidente Alberte Zato y Gómez de Liaño, Ricardo Méndez Rey (Tesoureiro) e Susana Fernández Fiuza (Secretaria Xeral), esta comisión estará baixo a presidencia de Francisco Martín Micó.

4º.- A secretaria informa dos puntos a seguir para a Elección da Xunta Electoral. Se procede a elección da mesma quedando constituída como segue: Membros Titulares: D^a Mavi Cruz Rey Montorio, D. Adán Rey Barreiro e D^a Luisa Bernal Onega. Suplentes: D. Beatriz Seoane Chao D^a Dolores Ares Rodríguez e D. Enrique J. Ramos Iglesias.

E non existindo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a asemblea sendo ás 18.35 hrs. do día da data, levantándose da mesma a presente acta, da que como Secretaria dou fe.

Vº Pº
PRESIDENTE

A SECRETARIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



Relación de Asistentes

E.D.M. Estradense (José L. Renda Bellet)
C.B. Setentas (Alberte Zato y Gómez de Liaño)
C.B. Defensores do Morrazo (José Luis Pérez Pérez)
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)
C.B. Cluny (José M. Castelao Figueiras)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C.B. Acea da Ma Fundación (David Castañón Gadea)
C.B. Condado (Francisco Seijo Rodríguez)
C.B. Estudiantes Lugo (Jesús Lázare Rincón)
C.D. Porta XI (Catarina Pollini)
Francisco Martín Micó (Presidente)

Relación de Convidados

C.B. Fontiñas (José M^a Dios Diz)
José M. Villamarín Couto
Ricardo Méndez Rey
M^a José Varela Alonso